



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación modificación das bases específicas da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 7 prazas de técnico/a medio/a de xestión (subgrupo A2) da escala de administración xeral, (C.E. 1/25)

ANUNCIO

Modificación das bases específicas da convocatoria aprobada mediante resolución do concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 08 de maio de 2025 (BOP núm. 93 do 19/05/2025) que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 7 prazas de técnico/a medio/a de xestión (subgrupo A2) da escala de administración xeral, subescala de xestión (C.E. 1/25).

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 26 de xuño de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a denominación da subescala no encabezado e no primeiro parágrafo da base específica 1.1, relativa ao obxecto, no seguintes termos: onde di “*subescala técnica*” debe dicir “*subescala de xestión*”.

Segundo.- Modificar o primeiro parágrafo da base específica 3.1, relativa aos requisitos esixidos que deberán reunir as persoas aspirantes para seren admitidas na realización das probas selectivas nos seguintes termos: onde di “*1. Posuír ou estar en condicións de obter o título universitario oficial de grao. Tamén poderán acceder as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente.*” debe dicir “*1. “Posuír ou estar en condicións de obter a titulación universitaria oficial de grao. Tamén poderán acceder as persoas que estean en posesión das titulacións de diplomatura universitaria, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou equivalente. Considerarse equivalente ao título de diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura.*”

Terceiro.- Publicar a devandita modificación no BOP

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 07 de xullo de 2025

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2025/4548